

RESOLUCIÓN do 15 de xuño pola que, se contrata persoal laboral fixo nas categorías profesionais de Técnico/a superior diplomado/a en informática e de Xestor/a de documentación, ambas grupo II, en virtude da convocatoria anunciada por Resolución do 7 de decembro de 2022 do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG), no marco de estabilización de emprego temporal.

De conformidade coa proposta elevada polos tribunais cualificadores para a contratación como persoal laboral fixo do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) no marco de estabilización de emprego temporal e nas categorías profesionais indicadas no anexo, unha vez comprobado que as persoas seleccionadas reúnen os requisitos esixidos na base 2 da convocatoria,

RESOLVO

Primeiro. Aprobar a proposta feita polo tribunal cualificador e contratar como persoal laboral fixo nas categorías de técnico superior en informática e xestor de documentación, pola quenda de acceso libre, ás persoas que se relacionan no anexo desta resolución.

Segundo. As persoas seleccionadas formalizarán o seu contrato, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpor un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En Santiago de Compostela, a 15 de xuño de 2023.

O presidente do CISUG

Julio E. Abalde Alonso

ANEXO Persoas seleccionadas para a contratación.

Grupo:	II	Categoría:	Técnico/a superior diplomado/a en informática	Nº de postos	1
---------------	----	-------------------	---	---------------------	---

Apelidos	Nomes	DNI
Vieites Seoane	Francisco José	***6330**

Grupo	II	Categoría	Xestor/a de documentación	Nº de postos	1
--------------	----	------------------	---------------------------	---------------------	---

Apelidos	Nomes	DNI
Rodríguez Agoure	Begoña	***8003**